

O Serra Gondomar amosa boa puntería nas dianas de Carboeiro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 15 Xuño 2015 11:50



Esta fin de semana o Serra de Gondomar Club de Arco participou da 5ª Tirada da Liga do bosque no Carboeiro. Unha competencia da que obtivo bos resultados en varias categorías

O Serra Gondomar amosa boa puntería nas dianas de Carboeiro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 15 Xuño 2015 11:50

entre as que destaca o 1º lugar en arco con visor para menores de 14 anos de Rubén Rodríguez.

En arco desnudo obtivo o 3º lugar coa actuación de Marco Antonio e a cuarta coa de José Carlos Presa, mentres que Diego Presa Gómez, tamén do club gondomareño quedou en 8º lugar.

Na categoría para menores de 14 anos "con visor" o Serra Gondomar amosou a súa categoría coa obtención do 1º, 3º, 4º obtidos por Rubén Rodríguez, Xes Argüelles e Anxo Martínez respectivamente.

En arco tradicional recurvo Miguel Ángel Rodríguez conseguiu a segunda posición. Mentres que Adrián Vázquez fíxose coa segunda praza na categoría de menores de 14 anos sen visor.